

Seguen as festas en San Sadurniño

13.00 As festas de Santa Isabel rematan hoxe en San Sadurniño. Habrá misa á unha, verbena con Xente Nova (que estará tamén na sesión vermú) e un concerto de Mercedes Peón, ás 23.15 horas, no campo da festa.



CULTURA MARÍTIMA

Museos e asociacións dan a coñecer o seu traballo no Encontro de Embarcacións

Exposicións e obradoiros ocuparán as instalacións do peirao de Curuxeiras

O VIII Encontro de Embarcacións Tradicionais que se celebra na ría ferrolá do 5 ó 8 de xullo propón actividades en mar e en terra que permitirán coñecer e afondar en varios aspectos relacionados coa navegación. No peirao habrá unha feira con exposicións e actividades.

REDACCIÓN > FERROL

■ Ó longo do peirao de Curuxeiras están a instalarse postos de información dos organizadores e dos patrocinadores do Encontro, xunto con espazos para carpinteiros de ribeira, redeiras, cabullería (a arte de facer nós) e cesteiros. Un obradoiro de modelismo naval, unha feira do libro especializada en temas marítimos, o "stand" da Asociación de Carpinteiros de Ribeira, o de conservas La Jira ou o dedicado á circunnavegación da corveta "Nautilus" enriquecen un percorrido especial por un peirao ategado de barcos de madeira.

Outra das atraccións desta área é o pavillón dos museos, ubicado nunha carpa xa instalada no peirao. Alí estarán os museos Seno de Corcubión, o de San Cibrao, Recouvrance (de Brest), do Pobo Galego, do Mar de Galicia, Luanco (Asturias), Ilhavo (Portugal) e Cidade Bermeo (Asturias), ademais do Museo Naval de Ferrol e do Museo Exponav. Tamén terán presenza baixo a carpa a Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial e as asociacións Sodináutica, San Miguel de Bouzas, Dorna

MÚSICA

Na taberna tocan Batuko Tabanka, Os Raparigos, Macfeck, Os Cempés, o Toxos e a Banda Ferrolá

e Fasquía (ámbalas dúas da Illa de Arousa), o Club do Mar de Ferrol e as asociacións Barcas do Minho (Chantada) e Amigos da Dorna Meca (O Grove).

Tamén no porto poderase ver unha mostra de maquetas, ubicada na sala de exposicións da Autoridade Portuaria. Ó seu carón, no xardín da Ranita, será onde funcione a gardería, destinada a nenos de entre 3 e 12 anos. Estará aberta de 11.00 a 14.00 e de 16.00 a 20.00 horas, agás o xoves, que abrirá ás 12.00. No baluarte de San Xoán proxectaranse as películas incluídas nun ciclo de cine que se celebrará a partir das dez da noite. E na taberna mariñeira, ademais de comer e cantar, celebraranse os concertos dos Raparigos, Batuko Tabanka, Macfeck, a Banda Ferrolá de Música, Os Cempés e o Real Coro Toxos e Froles, así como a homenaxe a Manuel Lopes ou o acto de clausura do Encontro.

Outro dos lugares imprescindibles no percorrido polo porto é o espazo para a montaxe das cabrias. Trátase dunha estrutura de madeira asentada no mar na que os mariñeiros colgaban as súas redes. Os membros do Club Marítimo de Redes recuperaron esta tradición –que pode dar nome á vila– o ano pasado.



O peirao de Curuxeiras muda de cara durante estes días

PAULA IGLESÍAS

■ ADEMAIS

PASEOS

Percorridos especiais das lanchas

■ Entre os días 5 e 8 de xullo habrá percorridos pola ría, en lancha, dunha hora. Sairán de Curuxeiras ás 12.00, 13.00, 16.00, 17.00, 18.00 e 19.00 horas. Custan sete euros. O servizo entre Mugardos e Ferrol funcionará de 11.00 a 20.00 horas, saíndo de Ferrol ás horas en punto e de Mugardos ás medias. Custa tres euros.

PROEZAS

"Búrbida" chegou por mar desde Redondela

■ Os pantaláns comezan a encherse de participantes. Entre eles destaca o galeón "Nova Sofía", de 13 metros de eslora, que realizaba navegación de cabotaxe e transportes de leña. Tamén está no porto a "Búrbida", un bote de madeira do ano 1951 que navega con vela latina ou remos e que chegou por mar desde Redondela. Tamén onte chegaron, por estrada, varios barcos de Murcia.

PARTICIPANTES

Confirmados máis de 400 tripulantes

■ Os últimos datos da organización deste encontro confirman a asistencia, polo de agora, de 89 embarcacións, que supoñen 407 tripulantes e unha eslora total de 592 metros (máis de medio quilómetro de lonxitude se os poñemos todos en ringleira). Estas cifras incrementaranse cos barcos que chegan a última hora, entre os que se esperan italianos e británicos.

PROGRAMACIÓN

A Escola Municipal de Música de Valdoviño ofrece o xoves o seu concerto de fin de curso

REDACCIÓN > FERROL

■ O auditorio de Valdoviño acolle este xoves o concerto de fin de curso da Escola Municipal de Música, a partires das 18.30 horas. Esta é a primeira das actividades culturais programadas polo Con-

cello para o mes de xullo, á cal seguirá, o venres, unha actuación da agrupación de teatro do Centro de Recuperación de Discapacitados Físicos de Bergondo, que representarán no escenario a obra "Señor abogado". Será tamén no au-

ditorio, ás oito da tarde.

Por outra banda, e con motivo da segunda edición do Encontro de Persoas Maioras que a Vicepresidencia de Igualdade e do Benestar celebrará o sábado día 7 en O Carballiño, o colectivo da Terceira Idade de Valdoviño terá a oportunidade de participar neste encontro festivo.

"Noites de cine" > A programación cultural continuará o vindeiro luns coa inauguración dunha exposición de pintura de Víctor

García Novás, que se poderá nas instalacións do Concello ata o día 31, de 12.00 a 14.00 e de 20.00 a 21.30, de luns a venres e de 12.00 a 14.00, os sábados.

Así mesmo, a Deputación Provincial da Coruña organiza para o xoves 19 unha nova sesión de "Noites de cine", coa proxección de película "Mia Sarah" na praza da Casa da Cultura. O pase, libre e gratuito, dará comezo ás 22.30 horas.

O grupo de folk "Pé de boi" ofrecerá un concerto no parque

Pardo Bazán de Lago. Esta actuación, que se desenvolverá a partir das 22.30 horas, enmárcase dentro da Rede Cultural da Deputación e coincide co 25 aniversario do grupo de baile Álvaro Cunqueiro de Lago.

O mes de xullo rematará de novo co programa subvencionado polo goberno provincial "Noites de Cine". Nesta ocasión, a película que está previsto proxectar, tamén na praza da Cultura a partir das 22.30 horas, é a popular "Piratas del Caribe II".